

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO - PROXECTO HOME GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE FORMACIÓN RELACIONADO COAS ENERXÍAS RENOVABLES

Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, _____, no nome e representación da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia, con domicilio en Santiago de Compostela, rúa do Cottolengo, 2, na súa condición de secretario- xerente como se acredita na escritura de apoderamento do 28 de novembro de 2002, outorgada ante o notario Enrique Roger Amat, co número 4.934 do seu protocolo.

As partes comparecentes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder abondo para abrigarse neste convenio e, para tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos neutros campos sinérxicos, de acorde coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- A Fundación Monte do Gozo ten como obxectivo básico prestar atención integral aos mozos e mozas marxinados ou en estado de necesidade e de maneira particular aos toxicómanos, proporcionándolles servizos de calidade e respectuosos co medio natural.

A eficiencia enerxética e a sostenibilidade son valores que guían a forma de actuar da Fundación Monte do Gozo.

A iniciativa que se financia neste convenio encádrase nas tecnoloxías de xeración de enerxías renovables e a eficiencia enerxética, como un proxecto formativo e divulgativo de carácter práctico que permita formar nesta materia aos mozos e mozas que reciben atención terapéutica na Fundación Monte do Gozo ofrecéndolles unha alternativa de proxección cara o emprego, e tamén converter a Fundación nun centro de educación ambiental de referencia para outros axentes e colectivos.

A Educación Ambiental xoga hoxe en día un papel esencial para capacitar a unha sociedade e para poñer freo aos problemas ambientais que afectan a nosa contorna local e global, con este obxecto desenvolverase unha actividade formativa relacionada con diferentes temáticas (paneis solares térmicos, fotovoltaicos, maquetas didácticas, biomasa, aforro enerxético, etc).

Terceiro.- A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns as que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha fundación sen ánimo de lucro que ten sen dúbida como finalidade unha actividade de interese social e humanitario. Neste mesmo senso, é importante indicar que a Fundación Monte do Gozo, promotora do programa educativo-terapéutico Proxecto Home Galicia que é un Programa educativo-terapéutico que se propón promover o desenvolvemento e maduración do individuo para que acade ou recupere a súa plenitude e sexa protagonista da súa propia vida. Na actualidade a Fundación Monte do Gozo atende diariamente unha media de 426 mozos e mozas e xa son 2.797 as altas terapéuticas que finalizaron totalmente o seu proceso de rehabilitación e reinserción social e é o organismo máis representativo no seu labor de desenvolvemento de programas de rehabilitación e reinserción social na Comunidade Autónoma de Galicia polo que se entende acreditado ou xustificado a sinatura do presente convenio.

Por todo isto, as partes acordan subscribir este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular as condicións de cooperación ente o Inega e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia para levar a cabo na Comunidade Terapéutica de Proxecto Home con enderezo en Lugar de Cernadas, Portomouro, Val do Dubra un proxecto educativo de formación en enerxías renovables para a capacitación dos mozos e mozas que reciben atención terapéutica e converter a Fundación nun centro de educación ambiental.

SEGUNDA. OBRIGACIÓNS DA FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PROXECTO HOME GALICIA

1. Deseño do contido do curso.

O programa orientativo da acción formativa figura nun anexo a este convenio.

2. Elaboración da documentación da actuación e facilitarlle copia ao Inega.

3. Elección do profesorado e achegar todos os medios persoais, técnicos e materiais que permitan a realización da actividade formativa e impartición dos contidos.

4. Facer constar expresamente a colaboración prestada polo Inega na información e publicidade das actuacións obxecto do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.

5. Entregar un informe final das actuacións realizadas co seguinte contido mínimo:

- a. Programa Final do curso.
- b. Listaxe detallado de participantes. Contemplando nome, teléfono e DNI.
- c. Formadores. Listado de Formadores e relatores empregados (Currículo)
- d. Lugar de celebración do curso.
- e. Material de apoio a formación e as outras accións. Manual e documentación empregada.
- f. Resultados das enquisas de valoración. Folla de rexistro dos resultados das enquisas e análise dos comentarios ós resultados.
- g. No caso de realizarse algún tipo de proba a finalización da acción formativa, resultado da mesma.
- h. En todas as actividades realizarase control de sinaturas dos asistentes e fotografías das xornadas nas que se vexa de xeito xeral os alumnos e poñentes así como a publicidade da orixe dos fondos.

6. De conformidade co establecido nos artigos 11 e 14 k) e j) da Lei 9 /2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Fundación Monte do Gozo as seguintes:

- a. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a sinatura do presente convenio.
- b. Xustificar ante o Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da axuda.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Inega, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicar ao Inega a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do presente convenio, así como a modificación das circunstancias que tivesen fundamentado a súa sinatura. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e. Acreditar con anterioridade ao outorgamento da axuda que se atopa ao corrente no cumprimento das súas abrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten

pendente de pago ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

f. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

i. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

J. Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transferencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de 20.000,00 € do seu orzamento de gastos para o ano 2018, con cargo a aplicación orzamentaria 09.A2.733A.481.0.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. O pagamento á Fundación Monte do Gozo efectuarase do seguinte xeito:

- a. Unha primeira achega de 10.000 € correspondente ao 50% do orzamento, que se efectuara unha vez asinado o convenio.
- b. Unha segunda achega de 10.000€, ao remate do curso, previa xustificación en forma e prazo das actuacións realizadas e a súa comprobación polo persoal do Inega.

Os pagos efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola Fundación Monte do Gozo.

2. A xustificación das actuacións realizarase antes do 15 de decembro de 2018.

3. Coa conta xustificativa do gasto deberá achegarse xustificantes de pagamento ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente. O aboamento das facturas efectuarase dentro do prazo de 60 días seguintes a data de recepción da mesma.



Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 € no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000€ no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo a contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos bens subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude de subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta económica mais vantaxosa.

3. Coa canta xustificativa de gasto a Fundación Monte do Gozo deberá achegar:

- a. Unha declaración na que se indique as axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.
- b. Documento emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (C.C.C.) a nome do beneficiario.

4. O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxectivo do convenio.

QUINTA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a sinatura deste convenio, e, en todo caso, a obtención doutras axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

SEXTA. REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Calquera incumprimento do establecido no presente convenio, das obrigas dos beneficiarios que sinala o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados neste Convenio, darán lugar á resolución convenio, coa obriga de reintegro parcial ou total das cantidades percibidas ata o momento tal e como establece o artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

SÉTIMA. SUBCONTRATACIÓN

Para o desenvolvemento desta actuación a Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia efectuará as subcontratacións precisas de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA. CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Para as actuacións previstas neste Convenio non se poderán recibir outras axudas ou subvencións.

O incumprimento do disposto neste artigo considerarase alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

NOVENA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte ao da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de decembro de 2018.

DÉCIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non supón ningunha relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia que vaian a desenvolver as actividades e o Inega, de tal xeito que non se lle pode esixir á entidade pública ningunha responsabilidade polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

DECIMO PRIMEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar a correcta execución deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo representante da Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia e polo director do Inega, respectivamente, que terá como misión velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas a petición de calquera das partes asinantes.

DECIMO SEGUNDA. PROTECCIÓN DE DATOS

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.

A tal efecto as partes comprométense a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito a:

a. Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

b. Fundación Monte do Gozo, con domicilio na rúa Cottolengo 2, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenios de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

DECIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia. En virtude do disposto no parágrafo anterior a Fundación Monte do Gozo consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

DECIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio procedendo o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de mora correspondentes as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

En especial, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a. O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- b. O mutuo acordo entre as partes.
- c. A imposibilidade sobrevida para o cumprimento dos termos do presente acordo.
- d. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.
- e. O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.

DECIMO QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seno da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.



O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de Abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei; pola Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións públicas e o resto da normativa de aplicación.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O DIRECTOR DO INEGA

O SECRETARIO-XERENTE DA FUNDACIÓN
MONTE DO GOZO

ANEXO I

Curso INSTALACIÓNS EN VIVENDA PARA O AFORRO ENERXÉTICO (NIVEL BÁSICO)

Programa – 240 Horas – Presencial - Mínimo 10 alumnos

- 1. Recepción y entrega de documentación**
- 2. Presentación: INEGA – PROXECTO HOME**
- 3. Instalacións eléctricas** **50 h.**
 - Conceptos de enerxía, tensión, intensidade, mecanismos eléctricos, condutores (seccións), canalizacións, circuíto eléctrico.
 - Conceptos de esquema eléctrico, símbolos, elementos.
 - Cálculos básicos asociados.
- 4. Enerxía solar fotovoltaica** **25 h.**
 - Conceptos de radiación solar, traxectoria solar, acceso a datos, orientación e inclinación, medida de radiación solar, Esquemas de bloques típicos dunha instalación solar fotovoltaica
 - O panel solar, acumuladores, regulador e inversor, esquemas de conexiónado multifilar e accesorios de protección e montaxe
 - Montaxe, mantemento e rendemento
- 5. Prevención de riscos laboral (nivel básico) Electricidade** **30 h.**
 - Lei de prevención de riscos laborais
 - Dereitos e obrigas do traballador
 - Entidades de prevención de riscos
 - Documentación asociada
- 6. Instalacións de fontanería** **25 h.**
 - Concepto de sistema de fontanería dunha vivenda, esquemas de bloques típicos dunha instalación de distribución de auga fría e auga quente en vivendas, esquemas de bloques típicos dunha instalación de evacuación de augas en vivendas
 - Compoñentes das instalación, circuítos hidráulicos
 - Montaxe e mantemento
- 7. Instalacións de emisión de calor e AQS** **35 h.**
 - Concepto de sistema de calefacción por auga de AQS, esquemas de bloques típicos dunha instalación de disipación de calor e AQS en vivendas ou pequenos locais, Compoñentes das instalacións
 - Circuítos hidráulicos
 - Montaxe e mantemento
- 8. Bomba de calor** **15 h.**
 - Concepto da bomba de calor aire-auga e comparativa da súa eficiencia con outros sistemas, esquemas de bloques típicos dunha instalación con bomba de calor aire-auga
 - Producción de calor
 - Circuítos hidráulicos, eléctricos e de gas refrixerante
 - Montaxe e mantemento
- 9. Biomasa** **15 h.**
 - Concepto de biomasa como combustible renovable e a súa eficiencia, tipos de combustibles de biomasa, esquemas de bloques típicos dunha instalación alimentada por biomasa
 - Producción de calor
 - Circuítos hidráulicos e saída de fume
 - Montaxe e mantemento
- 10. Prevención de riscos laborais (nivel básico) Fontanería** **30 h.**
 - Lei de prevención de riscos laborais



- Dereitos e obrigas do traballador
- Entidades de prevención de riscos
- Documentación asociada

11. Inserción laboral, sensibilización medioambiental e Igualdade de xénero

10 h.

12. Avaliación

5 h.

ANEXO II

ORZAMENTO ESTIMADO DO CURSO A DESENVOLVER DENTRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INEGA E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME GALICIA

ORZAMENTO:

CURSO PROXECTO HOME GALICIA " INSTALACIÓNS EN VIVENDA PARA O AFORRO ENERXÉTICO"

DATA: 02/02/2018

Pos.	Und.	Concepto	Prezo/und	Subtotal
1				0,00 €
2		RECURSOS MATERIAIS		0,00 €
3				0,00 €
4	10	Coxunto material funxible de papelería : 2 unid. Libreta cuadrículada 19x24cm, bolígrafos, lápiz, etc, gastos reprografía de fichas e documentación a entregar	25,00 €	250,00 €
5	1	Conxunto de material conxionado strings fotovoltaicos (hasta 10 alumnos) : Conectores MC4 e crimpadora, Cable 1000V interconexión paneis fotovoltaicos, Bridas, ganchos e pezas de suxección, Terminais	255,00 €	255,00 €
6	1	Conxunto Material funxible Fontanería 1 (hasta 10 alumnos) : Tubo multicapa e accesorios para o seu conxionado (codos, terminais femia e macho, enlaces,..) , material de illamento , válvulas de corte, fixacións, bridas	661,00 €	661,00 €
7	1	Conxunto Material funxible Fontanería 2 (hasta 10 alumnos) : Tubo PVC e accesorios para o seu conxionado (codos, terminais femia e macho, enlaces,..) , rexistros, sifóns , válvulas de corte, pegamento, fixacións, bridas	492,00 €	492,00 €
8	1	Conxunto Material funxible Fontanería 3 (hasta 10 alumnos) : Tubo Cu e accesorios para o seu conxionado (codos, terminais femia e macho, enlaces,..) , estaño, decapante, válvulas de corte , fixacións, bridas	455,00 €	455,00 €
9	1	Reposición de conxunto material funxible Emisión de Calor(hasta 10 alumnos) : Tubo multicapa e reposición de accesorios para o seu conxionado (codos, terminais femia e macho, enlaces,..) , material de illamento , fixacións.	461,00 €	461,00 €
10		Seguro de accidentes		200,00 €
11				0,00 €
12		HORAS FORMACIÓN		0,00 €
13				0,00 €
14	55	Hora de formación Módulo " Instalacións eléctricas"	55,00 €	3.025,00 €
15	25	Hora de formación Módulo " Enerxía Solar Fotovoltaica "	55,00 €	1.375,00 €
16	30	Hora de formación Módulo " Prevención de riscos laborais Nivel Básico - Electricidade"	61,00 €	1.830,00 €
17	25	Hora de formación Módulo " Instalacións de Fontanería"	55,00 €	1.375,00 €
18	35	Hora de formación Módulo " Emsión de calor por auga e AQS "	55,00 €	1.925,00 €
19	15	Hora de formación Módulo " Bomba de calor "	55,00 €	825,00 €
20	15	Hora de formación Módulo " Biomasa"	55,00 €	825,00 €
21	30	Hora de formación Módulo " Prevención de riscos laborais Nivel Básico - Fontanería"	61,00 €	1.830,00 €
22	10	Hora de formación Módulo " Inserción laboral, medioambiental e igualdade de xénero "	55,00 €	550,00 €
23	4	Hora de apoio formación en destrezas de instalador electricista, por técnico cualificado	30,00 €	120,00 €
24	12	Hora de apoio formación en destrezas de instalador fontanería, por técnico cualificado	30,00 €	360,00 €
25				0,00 €
26				0,00 €
27				0,00 €
28		* NON ESTÁN INCLUÍDOS :		0,00 €
29		Posibles gastos derivados de tarefas de titorización e seguimento das prácticas en empresa		0,00 €
30		Posibles gastos derivados da tramitación e pago de seguro específico ou contrato específico para cubrir a realización do período de prácticas en empresa		0,00 €
31		Ningún outro gasto ou servizo non especificado neste orzamento		0,00 €
32				0,00 €
33				0,00 €
34		TOTAL (SIN IVA)		16.814,00 €
		IVA		3.530,94 €
		TOTAL (CON IVA)		20.344,94 €